

Arthur Cayley

(Richmond, 1821-Cambridge, 1895)



Matemático británico. É un dos fundadores da escola británica moderna de Matemáticas puras.

Foi educado no Trinity College de Cambridge. Estudou durante algún tempo a carreira de leis, polo que traballou de avogado durante catorce anos, á vez que publicaba un gran número de artigos. Logo pasou a ser profesor en Cambridge.

Foi o primeiro que introduciu a multiplicación das matrices.

É o autor do teorema de Cayley-Hamilton, que di que calquera matriz cadrada é solución do seu polinomio característico.

Deu a primeira definición moderna da noción de grupo.

É o terceiro matemático máis prolífico da historia, excedido tan só por Euler e Cauchy, con achegas a amplas áreas das Matemáticas.

Recibiu a Royal Medal en 1859 e a Medalla Copley en 1882.